

XORNADA

Retos na xestión do patrimonio inmaterial

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 22 de maio de 2018



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Patrimonio Inmaterial é un termo relativamente recente que en Galicia se incorporou aos documentos legislativos no ano 2016: que signi. ca esta incorporación?, que é ou que de. ne o patrimonio inmaterial?, a cal lle damos máis valor?, como se transfere e como se transforma?

Entender a historia e o uso deste termo, a súa relación de oposición e complementariedade co patrimonio material así como as ferramentas de documentación, xestión e salvagarda constituirán o punto de partida deste encontro. Para iso diriximos a mirada cara a experiencias institucionais de longo percorrido e documentos marco comúns. O Plan Nacional do Patrimonio Inmaterial ou o Atlas do Patrimonio Inmaterial en Andalucía brindarán reflexións e porán as bases para introducirmos no ecosistema teórico-metodolóxico do patrimonio inmaterial.

Pero falar de patrimonio inmaterial é falar tamén de comunidade e aí é onde, nunha segunda parte da xornada, xorde a necesidade de amosar a diversidade de prácticas que no contexto galego podemos atopar arredor del. Un encontro que se define como un espazo de escoita, debate e aprendizaxe entre diferentes axentes e proxectos na procura dunha visión procesual, dinámica e multivocal do patrimonio inmaterial.

A recolla transversal de ideas e a posibilidade de compartir as experiencias permitirannos pór en común os problemas, os acertos, os erros e as intuicións de cara a deseñar camiños compartidos. En definitiva, xerar un espazo para artellar unha comunidade de aprendizaxe.

* A minha avoa tem os olhos azuis coma o céu dumha manhã de janeiro. Ela case nunca sorri e poucas vezes fala, coplas esquecias e histórias dos ventos. Eu nom sei se ela gosta das crianças, mas as crianças gostamos dela, pois sempre tem um anaco de pam do "Gaupito" para nós e sobre tudo porque em secreto sabemos: que pastorea nuvens e muge lôstregos, que ela é nuveira.

Imaxe e texto da imaxe por Arinspunk
Imaxe cedida ao dominio público

PROGRAMA

10:00 horas
PRESENTACIÓN

10:15 horas
MARCO CONCEPTUAL / MARCO LEGAL
Presenta: Cristina Sánchez-Carretero,
Incipit - CSIC e CCG

Concepto(s) de Patrimonio Inmaterial:
a experiencia do Atlas do Patrimonio
Inmaterial de Andalucía
Gema Carrera, Instituto Andaluz de
Patrimonio Histórico (IAPH)

Tempo de traballo: silencios e achegas 1
Modera: Miguel Alonso Cambrón

11:30 horas
Pausa

12:00 horas

O estado da cuestión en Galicia
Nieves Herrero, Asociación Galega de
Antropoloxía (Agantro) e USC

O Plan Nacional do Patrimonio Cultural
Inmaterial como instrumento de
salvagarda

María Pía Timón, Instituto de
Patrimonio Cultural de España (IPCE)

Tempo de traballo: silencios e achegas 2
Modera: Luisa Serrano

16:00 horas
REFLEXIÓNS DUNHA COMUNIDADE DE
APRENDIZAXE
Presenta: Paula Ballesteros-Arias, Incipit -
CSIC

Pablo Carpintero, Proxecto Ronsel
Rafael Quintía, Sociedade
Antropolóxica Galega (SAGA)
Concha Losada, Arquivo do Patrimonio
Oral da Identidade (APOI)
Santiago Veloso, Ponte nas Ondas
Mauro Sanín, aCentral Folque

17:30 horas
Pausa

17:45 horas

Comba Campoi, Barriga Verde. Morreu
o Demo
Julio Gómez, Música en Branco:
Memoria da Agra do Orzán
Beatriz Comendador, Louceiros de
Bamio
Óscar Senra, MaOs
Primitivo Pedrosa, Confraría de Muros

19:00 horas
Tempo de traballo: construción do panel de
ideas
Modera: María Masaguer

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

COORDINA

Miguel Alonso Cambrón

Paula Ballesteros-Arias

María Masaguer

Cristina Sánchez-Carretero

COLABORA

Esta actividade está vinculada ao proxecto GEOARPAD, "Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: Valoración e Innovación", Programa de Cooperación Interreg V A España - Portugal (POCTEP) 2014-2020.

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705. Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuita. O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal / difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

